



Compostela  
Cultura

# À escena!

Temporada  
de artes  
escénicas  
2020





# Á escena!

## Temporada de artes escénicas 2020

**Á escena!** é unha chamada para nos achegar á creación actual no eido das artes escénicas, refuxio da comunicación artística ao vivo, lugares de encontro diversos que se constrúen como ferramentas de comunicación artística únicas, non reproducibles mediante mediadores tecnolóxicos que converten cada actuación nunha experiencia singular compartida. Nun contexto onde o mundo dixital avanza, os espectáculos ao vivo son a custodia dunha maneira de entender a arte en colectivo fronte á individualización do consumo dixital. Á escena! é o lugar onde vivir emocións intensas e compartilas cos artistas e coas/os veciñas/os que sentan canda nós na sala dos teatros.

Para poder “organizar” e dar conta da poliédrica creación escénica do noso tempo, tentamos deseñar a programación baixo as seguintes liñas temáticas:

**EscenaGZ:** discursos e compañías consolidadas e proxectos novos e singulares, todas/os elas/es teñen cabida nas táboas compostelás, sempre acolledoras coas/cos creadoras/es do país. Se a escena é o lugar onde nos vemos reflectidos, o espello de ficción que nos serve para reflexionar e comprender a realidade multiforme da contemporaneidade, quen mellor que as/os nosas/os para nolo contar.

**TerritoriodasMulleres:** voces femininas da escena actual. Un abano de creadoras, temáticas e intérpretes que nos visita e ao que poñemos en destaque.

**Clásicos?:** pezas que parten de textos consolidados na historia da dramaturxia para seren reínterpretados noutros contextos, noutras latitudes, con outras linguas... Unha volta de follla a discursos e textos presentes na nosa tradición. Clásicos? Contemporáneos?

Nesta escolma atópase unha selección de diferentes disciplinas artísticas: o teatro, a danza e o circo exploradas desde diferentes perspectivas, desde as máis clásicas ás máis contemporáneas, que dan conta do panorama actual galego e estatal. E todas elas, propostas vivas, de hoxe, que queren dialogar connosco directamente, do palco á butaca e da butaca ao palco.

Recóllense voces e discursos diversos para todo tipo de públicos que mostran varios puntos de encontro e vasos comunicantes entre eles. Enriquécenos a diversa abordaxe que nos mostran de Shakespeare que vai desde a comedia física do *Hamlet* de Chapitô, pasando pola aposta polo grande formato de PT Excéntricas co seu *Medida x Medida* ata a proposta máis “clásica” do *Macbeth* de Estudo Momento. Outra das ligazóns mostra un interese polas temáticas que teñen a opresión da muller como protagonista, desde a violencia máis

absoluta das propostas de Teatro do Atlántico con *A conquista da escola de Madhubai* e El Pavón Teatro Kamikaze con *Jauría*, ata a falta de liberdade e opresión silenciosa en contextos pechados, familiares, de cotío que nos propoñen *Liberto* de Marelas Producións, *Ana, también a nosotros nos llevará el olvido* de Unahoramenos ou *Mrs. Dalloway* de Entrecajas.

O *Leira* de Nova Galega de Danza dialoga co *Erritu* de Kukai Dantza, unha oportunidade de ouro para poder contrastar como as danzas tradicionais e populares dialogaron coa danza contemporánea en Galicia e no País Vasco. E a relación da música e o movemento está presente en *Directo9* de Pisando Ovos e *Mercedes mais* eu de Janet Novás e Mercedes Peón, dúas reflexións sobre a música, os corpos e a creación desde a vangarda absoluta feita en Galicia.

Non perdas a oportunidade de te emocionar, de vivir e compartir a experiencia das artes máis vivas.

Entra connosco **Á escena!**

# CLUB C!

## AFONDA NA EXPERIENCIA CULTURAL DE COMPOSTELA

### De que se trata

O Club C! é unha proposta de actividades para se achegar de xeito diverso aos contidos das actividades culturais compostelás. Comprende actividades que buscan coñecer mellor as propostas artísticas que nos ofrece a programación cultural municipal e deste xeito afondar na experiencia como espectadores culturais.

Contén os diferentes tipos de actividades recomendadas:

**#TRAS DO PANO:** Visitas guiadas polos espazos escénicos municipais de Compostela.

**#POÑER O CORPO:** Actividades arredor da programación de danza e artes do movemento.

**#CONVERSANDO:** Programa de encontros, manifestacións orais e faladoiros arredor dos contidos e liñas temáticas que conflúen nos espectáculos desta programación.

**#POSFUNCION:** Unha vez cae o pano, os/as convidados/as, persoas con relación coas temáticas tratadas nas pezas, ofrecerán o punto de vista práctico, serán quen contraste o que a obra conta, o que “quere dicir” con como se vive desde a realidade do presente esas mesmas situacións. A partir de aí, o debate estará aberto ao público asistente e aos elencos artísticos.



## AXENDA C

A Axenda C é un boletín electrónico que te manterá informada/o regularmente das actividades culturais da cidade. Se non queres perderte nada, subscríbete á Axenda C!

En menos de un minuto poderás darte de alta sen custe. Entra en [www.compostelacultura.gal/subscribete-a-axenda-c](http://www.compostelacultura.gal/subscribete-a-axenda-c) e goza de toda a cultura de Compostela!

**Teatro Principal****16 e 17 de xaneiro**

20.30 h

**EscenaGZ  
Clásicos?**

Prezo: 12€

Descostos do 50%

Idades recomendadas:

adultos

Duración: 55 min

Língua: galego

**#POSFUNCION: 16 de  
xaneiro** ao remate da  
función

*O Montacargas (The Dumb Waiter)* é unha obra teatral escrita nun só acto por Harold Pinter no ano 1957 e que foi enmarcada polo teórico Martin Esslin dentro da corrente dramática "Teatro do Absurdo". A historia narra a situación de dous homes (Ben e Gus) que están pechados nun cuarto, unha estancia miserablemente amoblada. Os personaxes discuten sobre noticias de prensa e equipos de fútbol. Mentres avanzan no diálogo, Pinter dános a entender que se tratan de dous asasinados a soldo á espera de misteriosas ordes que unha organización ten que transmitirilles. A tensión da espera desemboca nunha conversa intranscendente. A historia avanza cando, por medio dun montacargas, comezan a chegarlles mensaxes e pedidos que parecen ser un xeito de comunicación de persoas que habitan na parte superior da estancia na que se atopan eles. O único que saben da súa futura vítima é que aparecerá dun momento a outro.

Autor: Harold Pinter

Dirección: Evaristo Calvo

Intérpretes: Federico Pérez e Santi Romay

Produción executiva: Álvaro Pérez Becerra e Javi Lopa

Xefe de produción: Rubén G. Pedrero


Espazo lumínico: Octavio Más

Espazo sonoro: Pablo Seoane

Deseño de escenografía: María Roja

Técnico de escena: Raúl Giraldo

Fotografía: Marcos Pereiro

Axeira Galega das  
Industrias CulturaisREDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOSXUNTA  
DE GALICIA
 aine.gal





# O ELECTO

## CONTRAPRODUCCIÓN

Nun hipotético tempo, nunha suposta situación, por un deses azares da aritmética parlamentaria e das conxunturas políticas... un candidato a Presidente da Xunta conseguiu o seu propósito, a grande meta da súa vida. O día da toma de posesión, a piques de dar o discurso de investidura, aparece un atranco inesperado: un estraño e choqueiro tic nervioso ameaza con ridiculizar, ou mesmo arruinar, tan solemne e esperado momento. Alarmado, reclama asistencia médica. E un psiquiatra acode para o atender e tratar de arranxar, en escasísimo tempo, tan inoportuno trastorno, iniciándose unha sesión urxente na que, nun contexto de humor agudo e sarcástico, asistiremos a unha batalla entre o político e o facultativo. Que esconde cada cal? Cales son as verdadeiras intencións de un e outro? Que feitos da nosa vida marcan o noso futuro e, sobre todo, a nosa vocación?

### Teatro Principal

23 e 24 de xaneiro

20.30 h

EscenaGZ

Prezo: 12€

Descostos do 50%

Idades recomendadas:

a partir de 12 anos

Duración: 80 min

Lingua: galego



#POSFUNCION: 23 de xaneiro

ao remate do espectáculo

Autor: Ramón Madaula

Dirección: Cándido Pazó

Adaptación: Cándido Pazó

Intérpretes: Manuel Baqueiro e Antonio Mourelos


Escenografía: Dani Trillo

Deseño son: Manuel Riveiro

Deseño iluminación: Afonso Castro


Vestuario: Belén Pichel

Música: Manuel Riveiro



En coprodución co F.I.O.T

[contraproductions.com](https://contraproductions.com) | [@contraproductions](https://www.facebook.com/contraproductions) | [@contraproductions](https://www.instagram.com/contraproductions)



DIEGO SEIXO

**Teatro Principal****31 de xaneiro, 1 de febreiro**

20.30 h

**EscenaGZ**

Prezo: 12€

Descontos do 50%

Idades recomendadas:

a partir de 14 anos

Duración: 80 min

Lingua: galego



**#POSFUNCION: 31 de xaneiro** ao remate do espectáculo

**IBUPROFENO TEATRO****ESTREA ABSOLUTA**

Estrea absoluta da última peza de Ibufrofeno Teatro que pecha unha xeira de traballos relacionados, en certo modo, coa comida. Unha oportunidade de contemplar a evolución da compañía e dun dos dramaturgos máis en forma do panorama galego e estatal actuais.

Unha traxicomedia biodegradable e ecosostible arredor da obsolescencia programada, da relación do ser humano cos obxectos e da degradación ecolóxica do planeta por mor da perversa lóxica capitalista, do crecemento e do consumo masivo de produtos.

Autoría, dirección e adaptación: Santiago Cortegoso

Intérpretes: Marián Bañobre e Avelino González

Escenografía: Diego Seixo

Deseño son: Davide González

Deseño iluminación: Salvador del Río

Vestuario: Marián Bañobre

Música: Davide González

Coreografía: Carmela Bueno


[ibuprofenoteatro.com](http://ibuprofenoteatro.com) | [f @ibuprofenoteatro](https://www.facebook.com/ibuprofenoteatro) |

[@ibuprofenoteatro](https://www.instagram.com/ibuprofenoteatro) | [@ibuprofenoteatro](https://www.youtube.com/ibuprofenoteatro)

AGADIC  Agencia Galega das Industrias Culturais



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

 Xacobeo  
2021



XUNTA  
DE GALICIA

# ANA, TAMBIÉN A NOSOTROS NOS LLEVARÁ EL OLVIDO

UNAHORAMENOS PRODUCCIONES



## Teatro Principal

13 de febreiro

20.30 h

TerritoriodasMulleres

Prezo: 12€

Descostos do 50%

Idades recomendadas:

maiores de 12 anos

Duración: 75 min

Lingua: castelán

Tomando como punto de partida *Tristana* de Benito Pérez Galdós, Irma Correa constrúe un texto sobre a resistencia feminina contra o poder masculino franquista. Reutiliza as claves que Galdós con *Tristana* e Ibsen con *Nora* abriran na creación de personaxes femininos oprimidos no seu contexto que buscan a liberdade.

Ana é unha ama de casa convencional da España dos anos 60 casada con Lope, avogado que vai ser nomeado cun posto no Ministerio. A obra arrinca coa noticia e as repercusións que ten no matrimonio. Para Ana supón máis traballo e máis exposición social nunha vida que non a enche, que a asfixia. Ela non detecta esta falta de aire ata que coñece a Vivian, fotógrafa francesa de espírito libre que lle fará ver que a súa vida non é, nin de lonxe, o que ela ansía. Ana namórase de Vivian, e este amor supón para ela unha explosión de contradicións, medos e liberación.

Autora: Irma Correa  
 Dirección: Mario Vega  
 Intérpretes: Marta Viera, María de Vigo  
 Rubén Dario e Ruth Sánchez  
 Director de animación: Juan Carlos Cruz  
 Iluminación: Ibán Negrín  
 Espacio escénico: Mario Vega  
 Vestuario: Nauzet Afonso  
 Coproduce: Teatro Pérez Galdós,  
 unahoramos producciones  
 Patrocina: Cabildo de Gran Canaria,  
 Ayuntamiento de las Palmas de Gran Canaria  
 Colabora: Gobierno de Canarias,  
 Ayuntamiento de Agüimes

Premios Réplica 2019 a Mellor Espéctaculo, Mellor Dirección, Mellor Interpretación, Mellor Escenografía e Mellor Iluminación

📍 unahoramos.es |  
 📌 @unahoramosproducciones |  
 🐦 @UHM\_Oficial  
 📷 @unahoramosproducciones



**Auditorio de Galicia**

**21 e 22 de febreiro**

20.30 h

**EscenaGZ**  
**Clásicos?**

Prezo: 12€

Descontos do 50%

Idades recomendadas:

maiores de 13 anos

Duración: 110 min

Lingua: galego




**#POSFUNCION: día 21**  
**de febreiro** ao remate do  
espectáculo

*Medida x Medida*, das pezas máis complexas e ricas de Shakespeare, chega por fin ao galego da man de Quico Cadaval, gran amigo do bardo de Avon. A historia acontece nunha Viena surrealista inventada por Shakespeare. O mandatario Duque Vincenzo pasa á clandestinidade e manda aplicar con todo rigor a lei contra os comportamentos inmorais. Cae a lei por igual sobre o negocio do sexo e sobre a xuventude hedonista. Un mozo de boa familia é condenado a morte. Isto obriga a Isabella, a súa irmá monxa, a abandonar o convento por tres días coa tentativa de salvar a vida do seu peccadoto irmán. Un mundo de vicio, perversidade e corrupción tentarán lixar a súa brancura virxinal. Palacios, cadeas e arrabaldos serán o labirinto que percorre Isabella na súa carreira contra a morte. Todo observado dende as sombras por un Duque Vincenzo, irrecoñecíbel baixo o hábito de frade mendicante.

Dirección e dramaturxia: Quico Cadaval  
Intérpretes: Evaristo Calvo, María Costas, Melania Cruz, Víctor Mosqueira, Josito Porto, Santi Romay e Patricia Vázquez  
Espazo escénico, vestiario e deseño gráfico: Suso Montero  
Espazo lumínico: Dani Juncal  
Xefe técnico: Octavio Mas  
Maquinaria e realización da escenografía: Pepe Quintela  
Fotografía: Cristina Becerra  
Vídeo: Masako Hattori e Marcos PTT Carballido  
Xefe de produción: Rubén G. Pedrero  
Dirección musical: Bernardo Martínez  
Axudante de dirección: Carlos Santiago

AGADIC  Agencia Galega das  
Industrias Culturais

 REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

 Xacobeo  
2021

 XUNTA  
DE GALICIA

 [excentricas.com](http://excentricas.com) |  @mofaebefa



# FALAR POR FALAR

**Teatro Principal**

**27 e 28 de febreiro**

20.30 h

EscenaGZ

Prezo: 12€

Descostos do 50%

Idades recomendadas:

maiores de 16

Duración: 65 min

Lingua: galego



**#POSFUNCION: 27 de febreiro**

ao remate do espectáculo

**VOLTA E DÁLLE**

Todo indica que o futuro da lingua galega é incerto. Malia os niveis de protección legal do idioma, e case dous séculos de rexurdimento civil e literario, o descenso de falantes é evidente, con grande incidencia nas novas xeracións de galegas e galegos. Pero alén e aquén das análises socio-lingüísticas, a lingua segue viva e reclama o seu lugar natural nas nosas vidas. Atravesada por conflitos de longa data e certamente mareada polos avatares da política, a lingua espera sempre por nós nalgún punto do camiño. Moita xente mamouna no berce, outra demorou en romper a falala, e hai quen nunca a falou nin nunca a falará. Por iso *Falar por Falar* proponnos un achegamento á realidade da lingua, desde a propia vivencia dos falantes e os non falantes.

Autor: Carlos Santiago

Dirección: Carlos Santiago

Adaptación: Texto orixinal de Carlos Santiago

Intérpretes: Carlos Santiago e Pepe Penabade

Música: Carlos Santiago e os Quinindiolas

Escenografía: Pancho Lapeña e Pepe Penabade

Deseño son: Carlos Santiago

Deseño iluminación: R.T.A.

Vestiarío: Carlos Alonso

AGADIC



Agencia Galega das  
Industrias Culturais



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS



Xacobeo  
2021



XUNTA  
DE GALICIA



voltaedalle.com

**Teatro Principal****5 de marzo**

20.30 h

**EscenaGZ**

Prezo: 10€

Descontos do 50%

Idades recomendadas:

máis de 12 anos

Duración: 50 min



**#POSFUNCION:** ao  
remate do espectáculo

O colectivo Can Cun Quinqué é un colectivo dinámico e implicado no tecido sociocultural da cidade que presenta a súa nova montaxe profesional. A peza constrúese mediante un proceso de investigación e residencias artísticas.

Espazo inhóspito, onde nos sentimos sós e observados. Quen está alén, non estamos sós, acompaña aos intérpretes constantemente.

Un feixe de luz que esperta neles a dúbida.

"A adrenalina ante o descoñecido esperta os impulsos de alerta máis primitivos en nós"

Dirección: Isabel Sánchez Temprano, Leodán Rodríguez Casas  
Intérpretes: Clara Ferrao, Ignacio García, Isabel Sánchez, Leodán Rodríguez  
Luces: David Rodríguez  
Son: David Rodríguez  
Vestiarío: Can Cun Quinqué

 [cancunquique.com](http://cancunquique.com)





# SEÑORA DE ROJO SOBRE FONDO GRIS

SABRE PRODUCCIONES,  
PENTACIÓN ESPECTÁCULOS,  
TALYQUAL E AGM

**Auditorio de Galicia**

**6 de marzo**

20.30 h

**EscenaGZ**

Prezo: 14 €

Descostos do 50 %

Idades recomendadas:

máis de 14 anos

Duración: 85 min

Lingua: castelán

Un pintor, con moitos anos no oficio, leva tempo sumido nunha crise creativa. Desde que faleceu de forma imprevista a súa muller, que era todo para el, practicamente non puido volver pintar.

Estamos no verán e outono de 1975. A filla maior de ambos está no cárcere polas súas actividades políticas, e é nesa datas cando xorden os primeiros síntomas da enfermidade de súa nai que a filla vivirá desde dentro da prisión. É outro recordo permanente na vida de seu pai, que tamén agora revive.

Esta obra teatral é o relato dunha historia de amor en camiño desenfreado cara á morte, que nos sitúa naquela España con trazos inequívocos, que nos fala da felicidade e da súa perda, e que chega á intimidade de cada ser humano, e á súa emoción, polo camiño recto e simple da verdade.

Autor: Miguel Delibes

Dirección e produción: José Sámano

Adaptación: José Sámano, José Sacristán e Inés Camiña

Intérprete: José Sacristán

Director técnico: Manuel Fuster

Técnico de iluminación e son: Manuel Fuster e Jesús Díaz Cortés

Xerente compañía, xastra: Nerea Berdonces

Maquinista, rexedor: Juan José Andreu

Axudante de produción: Pilar López "Pipi"

Secretaria de produción: Pilar Velasco

Coordinadora de produción: Cristina Lobeto

Administración: Eli Zapata

Voz de Ana: Mercedes Sampietro

Autor cadro: Eduardo García Benito

Axudante de dirección: Inés Camiña

Son: Mariano García

Deseño de vestiario: Almudena

Rodríguez Huerta

Deseño de escenografía: Arturo Martín Burgos

Deseño de iluminación: Manuel Fuster

Directora de produción: Nur Levi

Unha produción de: Sabre

Producciones, Pentación Espectáculos,

TalyQual e AGM



VANESSA RÁBADE

**Auditorio de Galicia****12 de marzo**

20.30 h

**TerritoriodasMulleres**

Prezo: 14 €

Descostos do 50 %

Idades recomendadas:  
adultos

Duración: 85 min

Língua: castelán

3 a.m. do 7 de xullo de 2016. Festas de San Fermín. Eles son cinco. Son La Manada. O máis novo, e membro máis recente, debe pasar polo seu rito de iniciación. Tras cruzarse cunha moza no centro de Pamplona, os cinco de La Manada ofrécense para acompañala até o seu coche, aparcado na zona do souto de Lezkairu. No camiño un deles accede ao portal dun edificio e chama ao resto. Agarran á moza e métena no portal.

Dramaturxia a partir das transcricións do xuízo realizado á Manada, construída integramente con fragmentos das declaracións de acusados e denunciante publicadas en varios medios de comunicación. Un xuízo no que a denunciante é obrigada a dar máis detalles da súa intimidade persoal que os denunciados.

*Jauría* recibiu o XVI Premio Cultura Contra la Violencia de Género 2019 outorgado polo Ministerio de Igualdad pola súa contribución na erradicación da violencia contra as mulleres.

Autor: Jordi Casanovas  
Dirección: Miguel del Arco  
Intérpretes: Pablo Béjar, Fran Cantos, Álex García, María Hervás, Franky Martín, Ignacio Mateos, Javier Mora, Raúl Prieto e Martiño Rivas  
Voz en off: Israel Elejalde  
Dirección de produción: Aitor Tejada e Jordi Buxó  
Produción executiva: Pablo Ramos Escola  
Escenografía e vestuario: Alessio Meloni  
Iluminación: Juan Gómez Cornejo  
Deseño de son: Sandra Vicente  
Fotografía: Vanessa Rábade  
Deseño gráfico: Patricia Portela  
Distribución: Caterina Muñoz Luceño  
Comunicación: Pablo Giraldo  
Axudante de dirección: Xus de la Cruz  
Guía didáctica: Nando López  
Estudante en prácticas: Luis Izquierdo  
Agradecimentos: Rita Deiana, Lucía López, Paz de Manuel, Isabel Valdés

Unha produción de Kamikaze Producciones, Milonga Producciones, Hause & Richman Stage Producers e Zoa Producciones para El Pavón Teatro Kamikaze

El Pavón Teatro Kamikaze é Premio Nacional de Teatro 2017

teatrokamikaze.com |  
@teatrokamikaze



# DAIMON Y LA JODIDA LÓGICA

MATARILE TEATRO



RUBÉN VILANOVA

**Auditorio de Galicia**

**14 de marzo**

20.30 h

**EscenaGZ**

**TerritorioidasMulleres**

Prezo: 10€

Descostos do 50%

Idades recomendadas:  
adultos

Duración: 90 min

A última creación de Matarile dirixida por Ana Vallés apóiase nun equipo de 14 persoas, nove delas intérpretes. En 2018/19 o Azkuna Zentroa e o Centro de Danza de Zaragoza organizan dúas audicións onde se presentan 150 candidatos, dos cales dous son seleccionados para incorporarse ao proxecto DAIMON.

O destino, a voz da conciencia, a intuición, anxo ou demo, o rumoreo da voz interior que detén ou empuxa. Presenza oculta, imprevisible, que determina actos e decisións que non podemos explicar racionalmente. Podemos darlle unha corporeidade, unha presenza escura ou colaboradora, imaxinarnos unha figura que nos acompaña e que non é eu, e noso eu quedaría intacto, íntegro.

Pero a min interésame máis o daimon que tamén é eu, o noso eu incompreensible, unha parte de nós que conecta co irracional, co misterio, co fantástico; unha porta ao extraordinario, ao que nos salva, ao sublime ou á tolemia.

Autora: Ana Vallés

Dirección: Ana Vallés

Textos: Ana Vallés e outros autores

Intérpretes: Ricardo Santana, Nuria Sotelo, Celeste, Alba Loureiro, Cristina Hernández Cruz, Nacho Sanz, Jorge de Arcos Pozo, Neus Villà Jürgens e Ana Cotoré

Iluminación espazo e produción

musical: Baltasar Patiño

Músicos: Nacho Sanz, Cristina Hernández, Alba Loureiro, Neus Villà, Nuria Sotelo

Asistente de dirección: Ricardo


Santana e Baltasar Patiño


Arranxos musicais: Cristina Hernández, Nacho Sanz, Alba Loureiro, Baltasar Patiño

Coreografía: Ana Cotoré, Ricardo Santana, Nuria Sotelo, Celeste, Cristina Hernández Cruz, Neus Villà Jürgens, Jorge de Arcos Pozo, Alba Loureiro.

Vestuario: Matarile Compañía e Naftalina

 [matarileteatro.net](http://matarileteatro.net) |

 [@MatarileTeatro](https://www.facebook.com/MatarileTeatro) |

 [@matarile\\_teatro](https://twitter.com/matarile_teatro)

# JUANA

TEATRO ESPAÑOL E  
LOSDEDAE



DAMIÁN COMENDADOR

**Auditorio de Galicia**  
**28 de marzo**

20.30 h

**TerritoriodasMulleres**

Prezo: 14€

Descontos do 50%

Idades recomendadas:

adultos

Duración: 80 min

Lingua: castelán

"Hai un tempo humano e un tempo salvaxe". Atravesando os bosques da memoria atopamos a unha muller, a moitas mulleres, unidas por un mesmo nome, que se preguntan incesantemente se hai un destino feminino na Terra. Como eco do seu propio eco, nunha viaxe non cronolóxica pero si vivida, a Papisa Juana viste roupaxes masculinas e dá a luz no medio dunha multitude toleada que alberga sonos de lapidación; Juana de Arco triunfa no campo de batalla e sofre o interrogatorio do inquisidor que planea queimala na fogueira; Juana la Loca afunde as súas mans no inerte corazón de Felipe el Hermoso; Sor Juana Inés de la Cruz desexa en clave poética á vicerraíña e Juana Doña visita o paredón no que o seu marido é fusilado mentres pronuncia as súas últimas palabras de amor. Os vestixios dun legado que retumba unha e outra vez nos, a miúdo, xordos oídos do presente.

Dirección artística e coreografía: Chevi Muraday

Dramaturxia: Juan Carlos Rubio  
Textos: Juan Carlos Rubio e Marina Seresky

Intérpretes: Aitana Sánchez Gijón, Alberto Velasco, Carlos Beluga, Maximiliano Sanford e Chevi Muraday

Música orixinal: Mariano Marín  
Deseño escenografía: Curt Allen Wilmer  
Deseño iluminación: Nicolás Fischtel  
Deseño vestuario: Felype de Lima

Unha coprodución do Teatro Español e Losdedae Compañía de Danza

📍 [losdedae.com](http://losdedae.com) | [f @losdedae](https://www.facebook.com/losdedae) |  
📷 [@losdedae](https://www.instagram.com/losdedae)



**PLATEA** PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



# LIBERTO

MARELAS PRODUCCIÓN

## Teatro Principal

2 e 3 de abril

20.30 h

EscenaGZ

TerritoriodasMulleres

Prezo: 12€

Descontos do 50%

Idades recomendadas:  
adultos

Duración: 80 min

Lingua: galego



#POSFUNCION: 2 de abril  
ao remate do espectáculo

Cando nace *Liberto* a vida de Ada frea en seco. Dende unha sala de espera vivirá a experiencia máis determinante da súa vida. Ada verá como a súa vida da varios xiros copernicanos.

*Liberto* é un canto á vida, teatro con música en directo que mestura realidade e ficción e que interpela directamente ao público. Unha reivindicación do imperfecto, do humano. Un texto e unha proposta formal asentada nas atmosferas sonoras que falan da vida, do sensorial e instintivo.

*Liberto* revisa os límites socialmente acordados, é un relato honesto de como xestionar a dor e de como seguir avanzando. Un proceso pegado ao primitivo, á conexión co noso animal, e por iso, contra todo prognóstico, cheo de vitalidade.

Dende a vitalidade e a reivindicación da imperfección, o texto da autora catalá navega


entre o dramático e o cómico para nos preguntar de que falamos cando falamos de vivir.

Autora: Gemma Brió  
Dirección: Tamara Canosa  
Adaptación: Tamara Canosa  
Intérpretes: Rocío González, Cris Iglesias e Lucía Aldao  
Escenografía: J.M Faro  
Deseño de son: Jas Processor  
Deseño de iluminación: J. M. Faro  
Vestuario: Marelás  
Música: Lucía Aldao  
Coreografía: Ruz Balbís

Texto finalista Premios Max Autoría Revelación

Premio Butaca Mellor Texto Teatral

[marelas.com](https://marelas.com) | [libertogalego](https://libertogalego)





# O MOZO DA ÚLTIMA FILA

**REDRUM TEATRO**

**ESTREA ABSOLUTA**

**Teatro Principal**  
**16 e 17 de abril**

20.30 h

**EscenaGZ**

Prezo: 12€

Descostos do 50%

Idades recomendadas:

adultos

Duración: 90 min

Lingua: galego



**#POSFUNCION. 16 de abril**  
ao remate do espectáculo

Estréase no Teatro Principal a versión en galego do afamado texto de Juan Mayorga, unha das pezas máis destacadas da dramaturxia europea dos últimos tempos.

Claudio é un estudante de dezasete anos que senta na última fila. Non falta, non participa, non é problemático, non destaca, salvo en matemáticas. Cada clase faiselle máis insoportable ata que Xermán o profesor de Lingua e Literatura manda escribir unha redacción sobre a fin de semana. A partir deste intre, Claudio empeza a transformarse en alguén que observa, imaxina e escribe a vida doutros nun relato por entregas para un só lector. Ese relato compartido polo discípulo e o mestre convértese nun xogo cada vez máis perigoso para eles e para quen os rodea. Un xogo que se disputa en dous taboleiros: o da vida e o da literatura.

Autor: Juan Mayorga

Dirección e adaptación: Alex Sampaio

Intérpretes: Guillermo Carbajo, Roberto Leal, Belén Constenla, Mónica García, Machi Salgado e Rubén R. Porto


Escenografía e iluminación: José Manuel Faro "Coti"

Vestuario e caracterización: María Illobre

Espazo sonoro: Davide González

Vídeos: Alex Sampaio

Axte.produción: Rubén R. Porto



 [redrumteatro.com](http://redrumteatro.com)

# DEJE SU MENSAJE DESPUÉS DE LA SEÑAL

TANTAKA TEATROA

ESTREA EN GALICIA



## Teatro Principal

18 de abril

20.30 h

TerritorioidasMulleres

Prezo: 14€

Descontos do 50%

Idades recomendadas:  
adultos

Duración: 80 min

Lingua: castelán

O Teatro Principal acolle a estrea en Galicia deste espectáculo baseado na novela da escritora e veciña Arantza Portabales.

Unha historia en catro voces; as voces de catro mulleres que incapaces de enfrontarse aos seus problemas cara a cara, prefiren confesarse a través dun contestador automático. Marina, Carmela, Sara e Viviana utilizarán unha caixa de correo de voz como terapia para tentar entenderse a si mesmas e, sobre todo, conseguir que as comprendan os demais.

Marina é avogada especializada en divorcios e desafia o abandono do seu marido; Carmela está enferma de cancro e necesita despedirse do seu fillo; Sara é unha moza de boa familia á que a presión da súa voda inminente lévaa ao bordo do suicidio e a unha dubidosa terapia psicolóxica, e Viviana é prostituta en Madrid, aínda que a súa familia cre que traballa en Ikea.

Autora: Arantza Portabales  
Dirección: Fernando Bernués  
Adaptación: Fernando Bernués, Kike Díaz de Rada  
Intérpretes: Miren Arrieta, Mireia Gabilondo, Oihana Maritorea e Leire Ruiz  
Axudante dirección: Sara Cózar  
Espazo escénico: Fernando Bernués, Edi Naudo  
Iluminación: David Bernués  
Audiovisual: Acrónica Producciones  
Imaxes proxección: José Ibarrola  
Vestuario: Ana Turrillas  
Técnica: Acrónica Producciones  
Fotografía: Juantxo Egaña  
Deseño gráfico: Grafikoki  
Administración: Maite Gorrotxategi  
Producción executiva: Ane Antoñanzas  
Producción: Nagore Plazaola  
Representante Autora: Rolling Words



**PLATEA** PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS



# MERCEDES MAIS EU

JANET NOVÁS E MERCEDES PEÓN

*Mercedes mais eu* é produto da colaboración entre a artista Janet Novás e a compositora Mercedes Peón. Tras varios encontros de improvisación en contextos e espazos moi heteroxéneos, onde as dúas artistas exploran as relacións particulares que existen e que se establecen entre "a súa danza e a súa música", xorde a necesidade e o desexo de profundar, entender, organizar ou escribir e dedicarlle un tempo de "estudo" á devandita relación. Entre instrumentos, records, cancións e bailes comezan a aflorar conceptos da bagaxe de ambas e en diferentes estados de latencia. Algúns de gran contido socio-político como a identidade, pertenza, sonoridade, creación colectiva ou xénero, subxacen na maior parte dos materiais, desde os "obxectos" musicais aos dancísticos ou biográficos. O traballo é ademais unha proposta sutil sobre o común sensible, e unha aposta polo facer/saber artístico.

**Teatro Principal**

**23 de abril**

20.30 h

**TerritoriadasMulleres  
EscenaGz**

Prezo: 10€

Descostos do 50%

Idades recomendadas:

todas as idades

Duración: 70 min



**#POSFUNCION:** ao remate  
do espectáculo

Dirección: Janet Novás

Creación e interpretación: Mercedes Peón e Janet Novás

Acompañamiento artístico: Ricardo Santana e Pablo Esbert

Composición musical, concepto e letras: Mercedes Peón

Asistencia no movemento: Victoria P. Miranda

Deseño de Iluminación: Cristina Bolívar

Son: Ezequiel Orol

Vestuario: Juanita Rodríguez

Agradecementos: Jorge Rúa, Virginia Rota, Eduardo Bonito, Celso

Giménez, Beatriz Calatrava, Lipi Herández e Laura Kumin

Agradecemento especial: A meus país

Coprodutores: Comunidade de Madrid co apoio do Centro Danza

Canal, Graner Centro de Creación, Sede Losdedae, compañía

residente en Alcalá de Henares

[janetnovas.com](http://janetnovas.com) | [mercedespeon.gal](http://mercedespeon.gal) | [@Mercedes Peon](https://www.facebook.com/MercedesPeon)



GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE







### Teatro Principal

24 de abril

20.30 h

Clásicos?

Prezo: 12€

Descostos do 50%

Idades recomendadas:

maiores de 12 anos

Duración: 85 min

Lingua: portugués

En *Hamlet*, a trama trasládase á modernidade, facendo unha analogía entre o outrora Reino de Dinamarca, onde ten lugar a peza orixinal, e unha empresa multinacional dos tempos actuais. Aínda que o tempo –cronolóxico enténdese– transcorre entre unha peza e outra, as temáticas abordadas permanecen iguais. Fálase de traizón, abuso e xogos de poder, de acoso, da procura voraz e sen escrúpulos do lucro e da inefectividade. A ausencia de contacto entre o elenco ao longo da peza, por exemplo, reflicte unha sociedade autista e deshumanizada.

Na inexistencia de escenario e usando un vestiario simple e contemporáneo (traxe e gravata), o traballo do actor non queda restrinxido á representación ou interpretación dun personaxe, porque todos son *Hamlet*. Comunícase coa palabra pero tamén co corpo, co xesto, co son. O hiperrealismo da peza e o recurso constante ás onomatopeas transporta ao público a unha viaxe verdadeiramente sensorial e cinematográfica.

O refugallo da escenografía serve tamén, en opinión do director José Carlos García, para "suscitar a imaxinación do público que non pode ser pasivo", pola contra, "ten que imaxinar máis aló do que ve".

Dirección: José C. García, Cláudia Nóvoa e Tiago Viegas

Intérpretes: Jorge Cruz, Susana Nunes, Ramón de los Santos e Tiago Viegas

Dirección de produción: Tânia Melo Rodrigues

Deseño de luces: José Carlos García

Vestiario: Teresa Machado

📍 @companhiadochapito | 🐦 @cia\_do\_chapito | 📷 @companhiadochapito



# DIRECTO9

## PISANDO OVOS

O diálogo artista/masas, DJ/corpos, música/movemento, intégrase nun ambiente nocturno ou de concerto por medio da proposta lumínica e a forte aposta pola música en directo. Os corpos que asisten ao concerto DIRECTO9 viven unha experiencia grupal en directo. Coma se dos corpos dunhas atletas se tratase, levan os corpos ao encontro cos límites físicos, co desgaste e o cansazo extremo.

A reunión está guiada pola música do DJ que leva ás masas nun proceso ritual cara á mímese dun salto común, cara ao descontrol e a entrega total. Unha vez superados o clima do concerto, o íntimo e o persoal contacta cos corpos baleiros, facéndoos máis fráxiles, máis transparentes.

Na dureza da paisaxe que se deixa ver xermina a beleza da humanidade (Rut Balvís)

### Teatro Principal

25 de abril

20.30 h

EscenaGZ

TerritoriodasMulleres

Prezo: 10€

Descostos do 50%

Idades recomendadas:

adultos

Duración: 65 min



#POSFUNCION: ao remate do espectáculo

Creación e dirección: Rut Balvís

Axuda en dirección: Janet Novás

Creación e interpretación: Fran Martínez, Jas Processor, Raúl Pulido, Laura Villanueva

Deseño de iluminación: Afonso Castro

Deseño espazo sonoro e deseño gráfico: Jas Processor

Produción e distribución: Manu Lago – Galicia Danza

Contemporánea

Vídeo promocional: Miramemira

Colaboran: Teatro Ensalle de Vigo, Centro Dramático Galego, Galicia

Danza Contemporánea, NORMAL

Coproduce: Centro Coreográfico Galego – Agadic – Xunta de Galicia

[pisandoovos.com](http://pisandoovos.com) | [@pisandoovos](https://www.facebook.com/pisandoovos)



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

inaem





**Teatro Principal**  
**7 e 8 de maio**

20.30 h  
**EscenaGZ**  
**TerritoriodasMulleres**

Prezo: 12 €  
Descontos do 50 %

Idades recomendadas:  
maiores de 14 anos  
Duración: 85 min  
Lingua: galego



**#POSFUNCION: 7 de maio** ao  
remate do espectáculo

**TEATRO DO ATLÁNTICO**


Sakundebea, bandida, perseguida pola policía e polo exército, acusada do asasinato de máis de trinta homes que a violaran tempo atrás e de numerosos asaltos a man armada, preséntase na humilde morada de Pandala, unha sabia anciá que a criou cando era nena e que é a única persoa no mundo na que confía.

Pídelle quedar durante dous días agochada na súa casa, para poder meditar con tranquilidade que decisión tomar nunha disxuntiva transcendental que se lle presenta.

Sen tempo para que ela puidese reflexionar, aproxímase xa ao lugar un Ministro do Goberno, que fora o provocador da disxuntiva e que ven demandar unha resposta.


A autora inspírase na historia de Phoolan Devi, coñecida como "a raíña dos bandidos", quen foi unha destacada referencia para o feminismo autóctono indio.

Autora: Hélène Cixous  
Dirección: Xúlio Lago  
Adaptación: Purificación Cabido  
Intérpretes: María Barcala, Sheyla Fariña e César Goldi  
Escenografía: Antonio Simón  
Deseño de son: Vadim Yukhnevich  
Deseño de iluminación: Xúlio Lago  
Vestiarío: Susa Porto  
Música: Vadim Yukhnevich


 [teatrodoatlantico.com](http://teatrodoatlantico.com)

AGADIC  Axencia Galega das  
Industrias Culturais

 **REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS**

 **Xacobeo  
2021**

 **XUNTA  
DE GALICIA**

**Teatro Principal****14 de maio**

20.30 h

**EscenaGZ**

Prezo: 10€

Descontos do 50%

Idades recomendadas:

adultos

Duración: 60 min



**#POSFUNCION:** ao remate do espectáculo

O corpo e a terra estreitan os seus lazos nun espectáculo de danza e música que nos transporta á dura beleza dos labores do campo. A muller no centro desta conexión telúrica; día e noite, xornada tras xornada repetida nunha sucesión inesgotable de estacións. O sol e a choiva, o vento xeado, crúas paisaxes de intemperie habitadas unicamente por unha coreografía humana de apeiros de labranza, de corpos que cargan e arrastran, que danzan entre os sucros arados na terra. Pero *Leira* é tamén a sinxela alegría do traballo feito coas mans, coa valentía do corpo a corpo. A celebración dunha Galicia intemporal e máxica.

Dirección artística: Jaime Pablo Díaz

Voz e música en vivo: Rosa Cedrón

Bailaríns: Estefanía Gómez, Inés Vieites Veiras, Iván Villar, César Louzán, Pablo Sánchez e Ricardí Fernández

Música: Sergio Moure de Oteyza

Coreografía: Ikes Gomez

Vestuario: Érica Oubiña

Deseño iluminación: Antón Cabado

Deseño sonoro: Alberto Beade

[novagalegadedanza.com](http://novagalegadedanza.com) | [@novagalegadedanza](https://www.instagram.com/novagalegadedanza)



# MACBETH. O RUÍDO E A FURIA

ESTUDO MOMENTO

**Teatro Principal**

**15 e 16 de maio**

20.30 h

EscenaGZ

Clasicos?

Prezo: 12€

Descontos do 50%

Idades recomendadas:  
adultos

Duración: 90 min

Língua: galego



**#POSFUNCION: 15 de maio** ao  
remate do espectáculo

*Macbeth. O ruído e a furia*, adaptación en verso de Manuel Lourenzo. A grande traxedia celta de William Shakespeare protagonizada polos actores Xoán Carlos Mejuto, Luís Iglesia, Iria Ares, Carlos Sante e David Perdomo.

Unha viaxe á chaira escocesa, neboenta e insegura. Tambores de guerra. Berros de barro. Versos de sangue, traizón e morte. Feiticeiras retranqueiras e ministras do fado, manipuladoras dos máis bravos guerreiros. Un tempo eterno e circular do que ninguén volta xamais.

Voltan os tempos escuros. Voltan os tempos de *Macbeth*.

Autor: William Shakespeare

Versión: Manuel Lourenzo

Dirección: Juan Carlos Mejuto e Iria Ares

Intérpretes: Xoán Carlos Mejuto, Luís Iglesia, Iria Ares, Carlos Sante e David Perdomo

Iluminación: Antón Arias

Música orixinal: Tito Barbeito

Escenografía e atrezzo: Banale

Vestuario: Ramón Santos


Axudante de dirección: Xaquín Domínguez

Técnicos: Antón Cabado e Rubén Lamas

Agradecementos: Deputación da Coruña, IES Calvo Sotelo, Casahamlet, Clube Teatral Elsinor



📍 [estudomomento.com](http://estudomomento.com) | 📺 [@estudomomento](https://www.facebook.com/estudomomento/) |  
📷 [@estudio\\_momento](https://www.instagram.com/estudio_momento)





SERGIO PARRA

**Auditorio de Galicia****22 de maio**

20.30 h

**TerritoriodasMulleres**

Prezo: 14€

Descostos do 50%

Idades recomendadas:

adultos

Duración: 90 min

Lingua: castelán

Virginia Woolf fai un percorrido de 24 horas na vida de Clarissa Dalloway, desde que se ergue pola mañá e comeza a preparar unha festa para o seu marido, ata o momento desa festa, pola noite. Un percorrido marcado polas horas que toca a campá do reloxo do Big Ben, polo tempo que vai pasando e que leva a Clarissa a ir atrás e adiante no tempo da súa vida. O fluxo da súa conciencia, a conciencia sobre a súa vida, as súas decisións, chega no mesmo instante en que abre a fiestra dese maravilloso día de primavera no que prepara unha gran festa.

Para dar profundidade ao personaxe, Virginia recorre á construción dunhas memorias, hoxe utilizadas nas series e nalgúns guións. Todo ocorre nun só día, dando a sensación de estar vivindo a trama en tempo real.

Autora: Virginia Woolf

Dirección: Carme Portaceli

Adaptación: Michael De Cock, Ana María Ricart e Carme Portaceli

Intérpretes: Blanca Portillo, Nelson Dante, Raquel Varela, Inma Cuevas, Zaira Montes, Gabriela Flores, Jordi Collet e Jimmy Castro

📍 [entrecajas.com](http://entrecajas.com)

# ERRITU

KUKAI DANTZA & SHARON FRIDMAN



IGNACIO LIRRIUTIA

## Teatro Principal

4 de xuño

20.30 h

Prezo: 10€

Descontos do 50%

Idades recomendadas:  
adultos

Duración: 65 min

*Erritu* supón o encontro entre Kukai Dantza e o prestixioso coreógrafo Sharon Fridman. É unha viaxe vital que atravesa mediante ritos de paso individuais e colectivos os distintos estados da vida en relación coa natureza e coa comunidade. Estados que van desde o nacemento ao caos, pasando polo deserto da soidade, até chegar ao encontro, o amor e, finalmente, a morte.

Os ritos exercen a modo de pontes para tentar descubrir o sentido das conexións entre a nosa existencia individual –cargada de pasado, presente, promesas de futuro e opcións– e a experiencia colectiva ritualizada, sempre referencial pero tamén en movemento e cambio. Espiritualidade, tenrura e decisión persoal danse a man cunha viaxe que, ao final, resulta colectiva pero influída polas traxectorias dos máis conscientes.

Idea orixinal: Jon Maya Sein  
Coreografía: Sharon Fridman  
Asistencia de dramaturxia e interpretación: Antonio Ramírez-Stabivo  
Intérpretes: Urko Mitxelena, Nerea Vesga, Eneko Gil, Izar Aizpuru, Alain Maya e Ibon Huarte  
Canto: David Azurza  
Creación musical: Luis Miguel Cobo e David Azurza  
Deseño de vestuario: Ikerne Giménez  
Deseño de escenografía: Oficina 4Play  
Arquitectura  
Deseño de iluminación: David Bernués  
Deseño de espazo sonoro: Ángel Agüero  
Equipo de produción: Nagore Martínez, Doltza Oar-Arteta

Kukai Dantza é Premio Nacional de Danza 2017

📍 [kukai.info](http://kukai.info) | 📱 @kukai.konpainia



PLATEA

PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS









C

Compostela  
Cultura  
En familia

# CONCERTO CON FUSIÓN COA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

**PÍSCORE**



**Teatro Principal**

**15 de febreiro**

18.30 h

**EscenaGZ**

Prezo: 4€

Bono familiar (4 entradas): 12€

Idades recomendadas:

todos os públicos

Duración: 55 min aprox.

Língua: galego

Despois de cen funcións co seu primeiro espectáculo Concerto Singular (e Plural) - Premio do Público Festiclown 2018, Espectáculo mellor valorado en Domingos do Principal 2018 -, Culturactiva Producións e Píscore presentan a súa segunda montaxe: Concerto Con Fusión.

Catro músicos, descoñecidos, de estilos moi diferentes, chegan ao palco sen os seus instrumentos. O descubrimento dunha marimba e de todas as súas posibilidades fai que, o que podería ser un desastre, se converta nun divertido exercicio de virtuosismo, cooperación e fusión musical. Entre partituras, atrás e baquetas, os catro protagonistas van descubrindo, pouco a pouco, tema a tema, que teñen un pasado en común e unha increíble querenza por facer músicas (con)fusionando estilos.

A música, o teatro, o humor, a comedia xestual e o clown farán as delicias dun público que participa activamente no espectáculo.


Autor: Píscore e Fran Rei

Dirección: Fran Rei

Intérpretes: Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas

Escenografía: Píscore

Deseño son: Adrián Saavedra

 [culturactiva.org](http://culturactiva.org)





SÓ

## XAMPATITO PATO

2º Premio Panorama Circada 2019, Premio Cucha Festival de Circo y Clown de Úbeda, Premio Festival al Fresquito, Premio Festival Utebo Repira Circo, Premio Festival MADn CIRCUs, Premio Festival Acambalachous, Premio Festival Carambolas de Bronchales, Premio Encuentro Zircozaurre

Premio Kandengue Arts

Un personaxe obsesivo, cuadrículado e meticuloso.

Un ser único na súa especie rodeado dun sen fin de caixas que escapan ao seu control e coas que xoga para dar forma ao seu mundo.

Do caos xorde un universo delirante onde inventa a risa, creando unha tolemia cómica e transformándose nun novo ser cunha nova figura.

### Teatro Principal

7 de marzo

18.30 h

EscenaGZ

Prezo: 4€

Bono familiar (4 entradas):12€

Idades recomendadas:

a partir de 4 anos

Duración: 50 min

Autor: Jesús Velasco Otero

Dirección: Arturo Cobas e Jesús Velasco

Adaptación: Jesús Velasco

Intérprete: Jesús Velasco

Vestuario: Alicia Tojo

Escenografía: Cruz Velasco e Jesús Velasco

Fotografía: Leticia Mariño

Deseño Gráfico: Brer Ballesteros


Gravación e edición vídeo: Malaca Ricoy


Deseño de iluminación: Flavia Mayans de la Morena

Técnico en xira: Javier Lemus

Distribución: Kandengue Arts

 [kandenguearts.com](http://kandenguearts.com) |  [@xampatitopatocirco](https://www.facebook.com/xampatitopatocirco) |

 [@xampatito\\_pato](https://www.instagram.com/xampatito_pato)





**Auditorio de Galicia**

**29 de marzo**

18.30 h

**EscenaGZ**

Prezo: 4€

Bono familiar (4 entradas): 12€

Idades recomendadas:  
a partir de 4 a 99 anos  
Duración: 70 min  
Lingua: galego

Compostela é unha cidade de circo, numerosos artistas circenses residen na cidade e queren celebrar o seu día, facendo unha mostra do mellor do seu traballo cos mellores números dos colegas do estado. A Gran Gala de Circo contará cunha completísima variedade de números das disciplinas máis sorprendentes e arriscadas.



**#POÑER O CORPO:** Pan con circo! artistas circenses propoñen un obradoiro con xogos, merenda e espectáculo. Pan con circo! fai do Auditorio de Galicia non só o espazo da gran gala do circo de Compostela no 2020 senón un territorio no que "crianzas" de 4 a 99 anos poidan experimentar coma nun obradoiro de saltimbanquis disciplinas circenses como a acrobacia, o equilibrio e os malabares. A cafetería Lasso estará aberta despois para unha merenda antes do comezo da gala.

**Domingo 29 de marzo** de 16.00 a 18.00 h (cafetería Lasso aberta dende as 17.30 h).

Público ao que se dirixe:  
Público familiar, actividade interxeracional. A partir de 4 anos.

Número de persoas: ata completar capacidade

# LAR (LA CASA, EL HOGAR)

LASAL TEATRO



## Teatro Principal

23 de maio

18.30 h

Prezo: 4€

Bono familiar (4 entradas): 12€

Idades recomendadas:

a partir de 5 anos

Duración: 40 min

O fogar é o universo que nos acolle desde o noso primeiro alento e protexe cos seus muros a calor que irradian as persoas que habitan nel. É o cheiro, o tacto das primeiras cousas, o seu movemento, as primeiras palabras escoitadas e ditas, a pegada dos primeiros pasos.

Neste espectáculo queremos falar da protección e o amor que o noso fogar nos inspira, pero... E se a nosa casa desaparece? Se a destrúen? Se temos que abandonala sen ter outra casa onde ir? É un obxecto evidente nas nosas vidas, como é evidente que respiramos, pero... e se non tiveramos un fogar ao que volver todos os días? Deixaríamos de respirar? Onde iríamos? Como construíríamos o noso novo fogar?...

Autoría e dirección: Julia Ruiz

Intérpretes: Emilio Arquillo e Raquel Cruz

Asesoramento físico/coreográfico: Rosa Mari Herrador

Diseño e realización de escenografía-vestiario: Isa Soto

Música orixinal: Daniel Maldonado (Sam)

Diseño iluminación: Juan Carlos Tamajon

Técnica en xira: Almudena Oneto

Fotografía: Joaquín Puga e Juan Antonio Cárdenas

Proxecto en colaboración coa Junta de Andalucía

[lasalteatro.com](http://lasalteatro.com)



**DANZA  
A-ESCENA**

**la red**  
de Teatros,  
Auditorios,  
Circuitos y  
Festivales  
de carácter público



GOBIERNO  
DE GALICIA

GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, CULTURA  
Y DEPORTE

**inaem**  
INSTRUMENTO NACIONAL  
DE AYUDA A LA ESCENA

**Teatro Principal****30 de maio**

20.30 h

Prezo: 4 €

Bono familiar (4 entradas): 12€

Idades recomendadas:

todos os públicos

Duración: 50 min

**LA TRÓCOLA CIRC**

*Emportats* é un espectáculo de circo para todos os públicos que combina diferentes disciplinas: acrobacia, malabar, música e traballo con obxectos (portas).

A través do xogo co visible e non visible, facendo uso de linguaxes como o musical, humorístico, ou poético, emerxen imaxes e ideas orixinais cuxa estética mergulla ao espectador nunha atractiva viaxe para os sentidos. É un espectáculo onde a coordinación, a precisión e a enerxía superan os límites establecidos e no que a indiferenza non está entre as posibilidades.

*Emportats* é o resultado dun arduo traballo onde o importante é o proceso, no que os seus protagonistas se desprenden de todo para ensinarnos o que levan dentro.


Á versatilidade e descontextualización do obxecto, súmase a música en directo, achegada pola presenza de dous novos artistas. O crecemento do equipo e o esforzo colectivo consolídanse así como o seu método de traballo.

Premio Feten 2018  
Mejor espectáculo de circo 2018

Intérpretes: Andrea Pérez, Jose Monreal, Aritz Sardina, Guillem Fluixa e Jon Sádaba

 [latrocola.com](http://latrocola.com)





## Venda de entradas en:

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

Despacho de billetes do Teatro Principal. Aberto de martes a sábado (+ días de evento) de 18 a 21 h. Se a función é fóra dese horario, o despacho abrirá unha hora e media antes do seu inicio.

Nos espectáculos do Auditorio de Galicia, despacho de billetes do Auditorio de Galicia desde 1 hora e media antes do inicio dos mesmos.


### Descontos e entradas especiais


· Descantos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.

Descantos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

· O bono familiar (4 entradas por 12 €) só se poderá mercar no despacho de billetes.

· As entradas para o anfiteatro e de visibilidade reducida só se poderán mercar no despacho de billetes unha vez completa a capacidade do resto da sala e a un prezo do 50%.












CONCELLO DE  
SANTIAGO



Deputación  
DA CORUÑA



CONSORCIO DE  
SANTIAGO

-  [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)
-  CompostelaCultura
-  CCultura

**AUDITORIO DE GALICIA**

Avenida do Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 55 22 90  
Billeteiras: 981 571 026  
Fax: 981 574 250  
[info@auditoriodegalicia.org](mailto:info@auditoriodegalicia.org)

**TEATRO PRINCIPAL**

Rúa Nova, 21  
15705 Santiago de Compostela  
Oficinas 981 542 347  
Billeteira 981 542 349  
[tprincipal@santiagodecompostela.gal](mailto:tprincipal@santiagodecompostela.gal)